



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## ANEXO

### **BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 5 PERSOAS DESEMPREGADAS BENEFICIARIAS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INCLUSIÓN.**

#### **1ª Obxecto.**

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación laboral temporal, con carácter de urxencia, de CINCO (5) persoas desempregadas beneficiarias de Risga para a prestación do *Servizo de INCLUSIÓN* subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

O sistema de selección será a través do sistema de concurso no que se valorarán os méritos presentados polas persoas aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

A posibilidade de acudir ao sistema de concurso fundaméntase no artigo 29 do Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Bueu (BOP de Pontevedra nº 179 de 17 de setembro de 2014).

A urxencia da contratación vén motivada pola necesidade de iniciar o servizo con data límite o 31 de agosto de acordo coa resolución de concesión de subvención por parte da Consellería de Emprego e Igualdade.

O Concello formulará oferta ao Servizo Público de Emprego, entre persoas desempregadas, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego, e segundo os principios de mérito e capacidade, de conformidade co disposto no RD legislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e segundo o establecido no artigo 13 da Orde do 12 de abril de 2021 (DOG núm. 78 do 27 de abril) da Consellería de Emprego e Igualdade.

#### **2ª Modalidade de contratación e duración do contrato.**

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de contrato temporal para a prestación do Servizo de inclusión, coas cláusulas específicas de traballo de interese





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

social de acordo co establecido no artigo 13 da Orde do 12 de abril de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade, cunha xornada do 75% da xornada ordinaria de traballo establecida en 37,5 horas semanais, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de mañá ou tarde, todos os días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

A duración máxima dos contratos será de 9 meses.

POSTO	NUM TRABALLADORES	XORNADA	DURACION CONTRATO
PEON OBRAS/ SERVIZOS	4	75%	9 MESES
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	75%	9 MESES

### 3ª Retribucións e financiamento

As contratacións financiaranse con cargo á subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia e con cargo aos orzamentos do Concello de Bueu para o exercicio de 2020, prorrogados para o ano 2021.

As retribucións brutas para cada posto serán as seguintes:

POSTO	SALARIO BRUTO MENSUAL (INCLUÍDAS PP EXTRAS)
PEÓNS	986,23
AUXILIAR ADMVO.	989,70

### 4ª Funcións

As tarefas a realizar serán as propias do posto de traballo.

### 5ª Requisitos dos aspirantes.

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deben cumprir os seguintes requisitos mínimos de carácter xeral:





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

1. Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego e ser beneficiario de Risga. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.
2. Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos nos arts. 56 e 57 do RD lexislativo 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do EBEP. Os estranxeiros residentes legalmente en España poderán acceder aos postos convocados e reservados para persoal laboral, debendo acreditar na fase de comprobación de requisitos, unha vez superado o proceso selectivo, que reúnen as condicións legais para a súa contratación.
3. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
4. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade de xubilación prevista na normativa vixente.
5. Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) das seguintes titulacións:

**Peóns** : certificado de estudos primarios ou equivalente.

**Auxiliar administrativo:** ciclo medio de xestión administrativa/ certificado de profesionalidade de actividades de xestión administrativa/certificado de profesionalidade de actividades administrativas en relación co cliente/ certificado de profesionalidade de asistencia documental e de xestión en despachos e oficinas.

Deberanse acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentalas instancias) da credencial que acredite a súa homologación expedida polo Organismo competente.

6. Non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado ou informe médico oficial. Deberá ser achegado unha vez finalizado o proceso selectivo unicamente por aqueles candidatos que se propoñan para ser contratados.

Para estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitación físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño de traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal Cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de discapacidade e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

7. Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións asignadas á praza convocada.
8. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1984, do 26 decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Estes requisitos deberán ser cumpridos tanto no momento da selección como no da formalización do contrato, segundo establece o artigo 13.d da Orde do 12 de abril da Consellería de Emprego e Igualdade.

### 6ª Solicitudes e admisión

As persoas demandantes de emprego que figuren na relación da oficina pública de emprego remitida a esta entidade en base á oferta de emprego realizada polo concello deberán presentar con data límite **19 de agosto de 2021** no Rexistro Xeral do Concello de Bueu en horario de 9:00 ás 13:30 h. de luns a venres a seguinte documentación:

- Modelo de instancia de participación no proceso selectivo (**Anexo I**).
- Fotocopia do DNI ou documento acreditativo da súa nacionalidade.
- **Titulación** requirida para o posto.
- **Anexo II:** Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias, non téndose en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

### 7ª Tribunal cualificador.

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 13.c da Orde do 12 de abril de 2021, constituíndose un grupo mixto por representantes da Consellería de Emprego e Igualdade, do Concello de Bueu e dos equipos de inclusión sociolaboral dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O Tribunal estará integrado por:

- Presidente/a: un/ha funcionario/a do Concello de Bueu, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.
- Secretario/a: O do Concello ou funcionario en quen delegue.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Vogais:

- 1 funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Bueu
- 1 representante da Consellería de Emprego e Igualdade .
- 1 representante dos Servizos de Inclusión sociolaboral do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Asi mesmo nomearanse un número igual de suplentes para cubrir as posibles ausencias ou vacantes dos membros titulares.

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases. A actuación do tribunal rexeráse polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

### **8ª Procedemento de selección.**

O procedemento de selección será o concurso conforme aos méritos que resulten valorables.

O Concello de Bueu solicitará os traballadores necesarios mediante a presentación das correspondentes ofertas de emprego no Servizo Público de emprego quen remitirá as persoas candidatas ao concello como entidade beneficiaria.

Para a xestión da oferta de emprego o ámbito de sondaxe será o municipio de Bueu e o número de persoas candidatas por posto que se solicitará será de 4.

A Oficina Pública de Emprego remitirá ao Concello de Bueu informe con todos os candidatos propostos e notificados. O informe será trasladado ao Tribunal de Selección.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Unha vez recibido no Concello o informe referido no parágrafo anterior, darase traslado do mesmo ao Departamento de Servizos Sociais do Concello para que emita informe onde apareza respecto de cada unha das persoas candidatas a antigüidade na percepción da RISGA, as cargas familiares, e se indique se teñen ou non, cada unha das cargas familiares, asignado un proxecto de inserción de carácter laboral . Este informe será trasladado ao Tribunal de Selección.

O Tribunal publicará as puntuacións acadadas no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) e e na páxina web ([concellodebueu.gal](http://concellodebueu.gal)).

### 9ª Baremo xeral de méritos.

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

#### 1. Circunstancias persoais:

- Por ter a cargo o cónxuxe ou parella de feito ou similar (que se acredite como carga no informe de Servizos Sociais do Concello), fillos e fillas que convivan no domicilio do/a solicitante: 0,50 puntos por cada un/ha.
- Por ser maior de 45 anos: 0,50 puntos.
- Por ter asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: 0,50 puntos.
- Por levar máis dun ano cobrando a RISGA contado ata a data da presentación da oferta na oficina de emprego: 0,50 puntos.

#### 2. Formación especializada:

Pola participación en cursos de postgrao, másters, cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo neste último caso que estar **os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación directa coas funcións propias da praza que se convoca**, ata un máximo de 1,75 puntos, baremados a razón de 0,01 puntos por cada hora de curso ou xornada.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0,01 puntos.

No suposto de que non todas as materias impartidas no curso ou xornada teñan relación co posto ao que se opta, valorarase a razón de 0,01 puntos independentemente do número de horas.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos recibidos ou impartidos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Cando se presenten xustificacións de cursos con contidos sustancialmente similares, só se valorará o de maior duración.

**Para a acreditación destes méritos terá que achegarse documentación xustificativa de ter finalizado o curso, mediante copia** de certificado, de diploma expedido pola entidade organizadora ou de informe emitido pola persoa responsable ou coordinadora do curso (calquera das tres xustificacións é válida).

No suposto de que o curso non se rematara por abandonalo por colocación, ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en funcións das horas asistidas.

Para xustificar a impartición de cursos ou asistencia a xornadas, deberá presentarse documentación acreditativa de dita impartición (certificado da entidade para a que se actuou coma docente, cos datos da persoa interesada, e do curso –título, materias impartidas, datas e horas de impartición).

### **3. Outra formación:**

3.1 Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

→ Para o posto de Peón:

Certificación de aptitude do Celga 2: 0,15 puntos.

Curso de iniciación ao galego ou Celga 3: 0,20 puntos.

Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,25 puntos.

Celga 5 ou equivalente: 0,30 puntos.

→ Para o posto de auxiliar administrativo:

Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,25 puntos.

Celga 5 ou equivalente: 0,30 puntos.

3.2 Polo permiso de condución clase B: 0,15 puntos.

3.3 Polo permiso de condución clase C: 0,30 puntos.

3.4 Polo curso de prevención de riscos laborais. Valorarase con 0,10 puntos o curso básico, con 0,15 puntos o curso intermedio e 0,20 puntos o curso superior. No caso de achegar certificación de varios cursos, só se valorará o de maior puntuación.

Para a acreditación destes méritos terá que achegarse certificación ou copia do diploma expedido pola entidade organizadora. **En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.**





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

## 10ª Contratación das persoas seleccionadas

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, o tribunal cualificador formulará proposta na que fixará a lista de admitidos/as e excluídos/as ao concurso, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica (<https://bueu.sedelectronica.gal>) . Xunto con esta lista o Tribunal publicará a valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios, na sede electrónica e na páxina web municipal as puntuacións obtidas polos/as aspirantes.

Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Para o caso de empate na puntuación final, os criterios de desempate será os seguintes:

*Primeiro:* darase preferencia a aquela persoa candidata que máis tempo leve cobrando a RISGA.

*Segundo:* De proseguir o empate terá preferencia quen leve inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego máis dun ano a contar dende a data da última alta como demandante de emprego.

*Terceiro:* De continuar o empate daráselle preferencia a aquel candidato que leve inscrito no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego máis tempo a contar dende a data da última alta como demandante de emprego.







Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante resolución, que será publicada no taboleiro da sede electrónica do Concello.

As persoas seleccionadas deberán presentar a seguinte documentación no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte en que sexa publicada a proposta de contratación que formule o tribunal a seguinte documentación:

- **Informe médico ou certificado acreditativo** de non padecer enfermidade ou limitación físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o certificado ou informe médico, este fose desfavorable ou o informe da mutua tamén fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza no caso de resultar proposto para ocupala, quedando anuladas todas as súas actuacións. Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo.

- **Declaración xurada** de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente (Conforme ao **anexo III**)
- **Copia da tarxeta sanitaria** ou número de afiliación á Seguridade Social.
- **Núm. de conta bancaria para o ingreso da nómina.**

**As persoas que non obteñan praza pasarán a formar parte dunha lista complementaria para atender posibles necesidades de contratación ou cubrir as vacantes que se produzan no servizo durante o período de contratación por orde de puntuación no concurso.**

### **11ª Período de proba.**

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de quince (15) días, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral, maternidade e adopción ou acollemento, que poida afectar ao traballador/a.

### **12ª Incidencias.**

O Tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

### 13ª Disposicións derradeiras.

*Primeira.*—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico, na Lei 39/2015 de Procedemento administrativo, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación e no Estatuto dos Traballadores.

*Segunda.*—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei de Réxime Xurídico, así como na Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

### 14ª Publicidade do procedemento.

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web municipal ([concellodebueu.gal](http://concellodebueu.gal)).





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## ANEXO I -INSTANCIA

NOME E APELIDOS	
Nº DNI/NIE	
ENDEREZO (rúa, nº, piso, código postal, localidade e Provincia).	
Teléfono	
POSTO AO QUE SE OPTA	

De conformidade coas Bases de Selección que regulan a contratación temporal de cinco traballadores/as e de conformidade coas Bases Reguladoras da Concesión de Axudas e Subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA

### DECLARO:

1º- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º-. Solicito ser admitido/a ao referido concurso, e comprométome ao sometemento das bases que o regulan.

MARCAR CUN X	DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA E QUE DE SER O CASO SE AUTORIZA PARA QUE O CONCELLO A INCORPORE DE OFICIO AO EXPEDIENTE DESTE PROCESO DE SELECCIÓN
	Copia do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade.
	Acreditación de estar en posesión do título establecido nas bases da convocatoria.
	<b>AUTORIZO</b> ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Bueu para que informe ao Tribunal de Selección respecto da antigüidade na percepción da RISGA, as cargas familiares que teño; e se indique si teñen ou non, cada unha das cargas familiares, asignado un proxecto de inserción de carácter laboral.
	<b>Anexo II.</b> Relación de <u>méritos</u> que alega e documentación xustificativa de cada un deles.

Bueu,.....de.....2021

Asdo:

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BUEU.**





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## ANEXO II

NOME E APELIDOS	
Nº DNI	
POSTO AO QUE SE OPTA	

### RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE XUSTIFICAN E FORMA DE ACREDITACIÓN:

- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .
- .





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

### ANEXO III

## DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN MOTIVOS DE INCOMPATIBILIDADE

D/a.....

provisto/a de D.N.I. nº....., con enderezo na  
R/.....núm. .... piso.....

C.P.....

Localidade,.....Municipio.....

Provincia.....C.P.....Teléfono.....

De conformidade coas Bases de Selección que regulan a contratación temporal de cinco traballadores/as e de conformidade coas Bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA

### DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou limitación física/psíquica, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Bueu,.....de.....2021

Asdo: .....

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE)

